


# ¡Terra a nosa!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Volume 3.

10 cénts.



MANUEL CURROS ENRIQUEZ

HOMENAXE AO POETA

NO XI ANIVERSARIO DA SUA MORTE

LAS ESCOPETAS  
DE  
VICTOR SARASQUETA  
(EIBAR)




Son las mejores; garantizadas en la forma y en los hechos

REPRESENTANTE Y VENTA PARA GALICIA:  
**S. EIREA OTERO**  
"LA GARANTÍA"—San Andrés, 67 -- Coruña

Máquinas para hacer cigarrillos, 75 céntimos

Gran rebaja  
de precios  
en tijeras  
y cuchillería



NIQUELADOR

Artículos para peluqueros

VACIADOR

Gran surtido  
en jabones  
esencias  
y perfumería

# *JTERRA A NOSA!*

Suplemento de EL NOROESTE

AÑO I. | A CRUÑA, 28 FEBREIRO de 1919. | VOLUME 3.

---

HOMENAXE

— A —

CURROS ENRÍQUEZ

R. 12324



No próximo volume publicherase

o conto

# O Tesouro acobillado

orixinai de

Ricardo Carballal

# A ESPIÑA

*Poesía leida pol-o autor o 11 de Xaneiro de 1903,  
no teatro de Tacón, da Habana, con motivo do XIII  
aniversario da fundación do Centro Gallego, dedi-  
cada ao Sr. Lisardo Barreiro, distinguido escritor  
e bon amigo do chorado poeta,*

I

Pra que vos fále esta noite  
metéronme certo empeño  
e un pouco á falarvos veño,  
si hay por eíqui quen m'escoite.

Anos fai que nos riños  
levo cravada unha espiña,  
e como me doi aiña  
voum'a á quitar diante vos.

Si mientras m'arrinco berro,  
disimulaime a molesta:  
layase a besta y-é besta,  
é ferro e quéixase o ferro.

Moitó non s'han d'alegrar  
de ver qu'inda teño alentos  
os que beberon os ventos  
para facerme calar.

Mais d'eses que, aquí chegado,  
con gaita me recibiron  
e cando enteiro me viron  
quixerón verme aforcado;

D'eses, con almas de can,  
que coidan, na suá insolencia,  
que se merca unha concencia  
por catro codias de pan;

D'eses que medrando vin-  
dos abusos do poder  
y-a xornal quixerón ter  
un cómprice mudo en míñ;

D'eses pra quien todo enteiro  
o orden moral é un negocio,  
a cubiza un sacerdocio  
y-o millor Dios o Diñeiro;

D'eses pra quien fun *mambí*  
cando era mais español  
y-enchen cos *mambis* o sol  
ida xa España d'eiquí;

D'eses entre quien semeey  
simiente de paz y-amor  
pra coller un deshonor  
por cada grau que ceibe;

D'eses que na loita cega  
que descontra min trabaron  
hastra matar non pararon  
a probe «Terra Gallega»;

D'eses que cando a fundei  
ofercerónme a sua caixa  
e..... díronseme de baixa  
cando á cobrarlla mandey;

D'eses que de rabia cheos  
da porta me despidiron  
e abrironm'a cando viroñ  
que m'a abrián os alleos;

D'eses que na época vella  
dixerón de min horrores  
en papés de duas coores:  
alaranxada e bermella.....

(Que pra eso a nosa bandeira  
serviu na sua man odiosa:  
pra erguerse ante xente nosa  
e arriarse ante a extranxeira);

D'eses que nomo calando,  
non me quero eiqui ocupar:  
quen as fai ten que as pagar,  
¡y-eses xa as están pagando!

II

O amigo que me convida  
á cantar n-esta velada,

pesante de ver calada  
a miña Musa ferida,

Quer que vos diga as razós  
por qué non sallo nin entro  
na «Benéfica», no «Centro»,  
nin nas gallegas reuníos.

Según él, fuxindo o trato  
dos peisanos que me queren,  
doulles pe pra se ofenderen  
e pra termo por ingrato.

Quen conoce a miña hestoria,  
e sen méretos m'ergueu;  
quen dende que os deprendeu  
tray meus versos na memoria;

Quen onde se m'aldraxou  
sacou a cara por míñ,  
e cando un couce coílin  
deulle él sete á quen mo dou,

Ten lexítimo direito  
posto que o amor fai vasallos  
ôs mais finos agasallos  
d'un nobre e fidalgo peito....

Fala ben quen así fala  
y-eu, coberto de rebor,  
nada teño que repor,  
que ás veces calar é gaia.

Son algo ingrato, é verdade!  
mais poido decir en cró,

que na miña ingratitú  
non entrou nunca a vontade.

Xornaleiro do porvir,  
de cote sobre o meu tallo;  
eu vivo do meu traballo  
e traballo pra vivir,

Y-ési, á un xornaleiro tal  
que non agarda milloras  
nin da rebaixa das horas,  
nin do aumento do xornal;

Que non ten casas nin tendas,  
nin merca papel do estado,  
nin da dñeiro ó fiado,  
nin cobra foros nin rendas,

A deixar o seu mestre  
non-o podedes forzar  
si é que o non querés matar  
do que non querés morrer....

Fólguense en festas rumbosas,  
bailes, trófeos e partandas,  
quen vay, cal tanto nas andas,  
un chan tridando de rosas.

Pérdia o tempo en vaguexar  
que penso que fai esta vida  
toda a brepe está en nida  
entre un almete e un xantar.

Eu, que convencido esteu,  
vendo esta facundiana

de que a gran misión humana  
inda se non comenzóu;

Cada vez que á soyas penso  
como inda entre as multitudes  
soben ó pau as virtudes  
y-o crime quémase incenso;

Que oyo tanto zorro listo  
falar do chan adorado  
dempois de tel-o entregado  
cal fixo Xudas con Cristo;

Que ô través dos longos mares  
vexo poboaciós enteiras  
deixar as patrias ribeiras,  
os dóces nativos lares,

Para ir pidindo por Dios  
o negro pan forasteiro,  
mentres se adona o usureiro  
das terras de seus abós;

Cando vexo escurecidos  
os varós mais siñalados  
e acolleitos e louvados  
os treidores y-os bandidos;

Cando se cuspe na testa  
onde a luz do xenio arde,  
e cínguese á do cobarde  
o loireiro en vez da xesta;

Cando o fin da patria asoma;  
cando a raza se aniquila

e peta a lanza d'Atila  
de novo ás portas de Roma,

Debo espreitar os camiños....,  
debo aspilleirar os portos.....  
¡Gardar as tumbas dos mortos  
y-os berces dos pequechiños!

Dios, á quien prougo deixar  
moitas cousas incomprendetas,  
impúxolles ós poetas  
o deber de as termiñar.

E son eles dende enton,  
xefes da obreira milicia,  
os que han de alzar a Xusticia  
por cúpula da creación!

Pra a miña pedra labrar  
nin forza nin tempo sobra,  
e debo dar fin á obra  
antes de se o sol deitar.

### III

Aquí xa tendes as razós  
por qué non sallo nin entro  
na «Benéfica», no «Centro»  
nin nas gallegas reunións.

Nin para que me queredes  
n-eses lugares! ¡Eu lixo!  
botóume d'eles quen dixo  
que iba á esculca de mercedes:

Botóume quen dixo un día  
que nos seus ricos estrados  
están demais os letrados,  
a música y-a poesía.

Botóume (¡qué patrio apego!)  
quen sentou, pérfidamente;  
que do «Centro» Presidente  
non precisa ser gallego.

Cando esa infamia escoitey  
sain; fixen, no momento,  
de non volver xuramento,  
e cumprín o que xurey;

¿Querés que falte ó xurado?  
Perduray d'aqueles muros  
as copias dos homes puros  
que teñen á patria honrado;

Os nosos historiadores  
e sabios naturalistas;  
nosos prezados artistas,  
poetas e pensadores.

Adornade aqueles teitos  
que o pincel galaico esmalte,  
con frisos onde resalte  
a lenda dos nosos feitos.

Onde do sol que feítice  
os rayos fecundadores,  
reventen d'aroma as frores  
y-a froita en mel s'esnaquíce.

Onde fumegue o casar,  
y-onde, cal dous desposados,  
no leito nupcial deitados,  
dorma a terra e estronde o mar.

Facey que cando visite  
o salón da Biblioteca,  
quen ali leye a alma seca  
tope a fe que o rezusite.

Lendo ó Sabio rey, Macía,  
Feixoo, Colmeiro, Pondal,  
Pastor Díaz, a Areal  
Rosália e mais Murguía.

Facede da nosa Quinta  
un lugar onde o doente  
da muilér y-o fillo ausente  
as estrañezas non sinta.

Facede que os emigrantes  
que aquí chegan en precura  
do que lles nega a man dura  
de seus duros gobernantes,

Topen bo consello en nós,  
caridá, agarimo, acobos,  
¡pra que non caya entre lobos  
quen fuxe d'entre ladrós!

Facede, en fin, qu'os que vamos  
sin patria á rodar o mundo  
con lazos d'amor protundo  
unha eiqui d'hirmans teñamos,

Onde, for cal for a sorte  
que nos trazar nosa [estrela,  
xa que outra non temos, ela  
nos peche os ollos na morte.

Nada vallo e nada son;  
e tan ben fóra cal dentro,  
si eu teño d'entrar no «Centro»  
será co-esa condición,

E inda á poñer outra chego  
aquí, didiante da xente:  
¡Non terey por Presidente  
á quen non nacer gallego!

IV

E abonda xa da poesía;—  
mais que decirvos non sey  
senon que non reneguey  
da miña casta hastra o día.

Dende que en Cuba surxin,  
o mesmo fun do que son:  
nin troquey o corazón,  
nin a concencia vendín.

O que é xusto defendín,  
non me néguey á razón;  
loéy o que entendo bon,  
o qu' é malo combatín.

Se na vella ley vivin  
e se loitey con tesón,

hay o de decir pór míñ,  
verme tornar pro o terrón  
cos mesmos cartos que vin.

¡O terrón! ¡Ayl! ¡A aldeña  
onde se nace e se crece,  
que inda de lonxe parece  
que nos acena e aloumiña!

¡O terrón que cobre os osos  
dos vellos que abandonamos,  
e que con fondos recramos  
chamando están pol-os nosos!

¡O terrón! Se a morte cruel  
me fai o mundo deixar  
fora dél e do meu lar,  
gallegos ¡levaime á él!  
¡Alí podrey descansar!

Catro cousas me ensínou  
meu paí que Dios teña en groria,  
e pois véñenme á memoria,  
aquí pra remate os dou:

«O millor viño, o da adega;  
a millor carne, a da alcatria;  
a millor terra, a da patria;  
a millor patria..... a gallega!

† M. CURROS ENRIQUEZ.

## XURAMENTO

Na noite da despedida  
Díxome a luz do luar:  
— «Doncella como me deixas  
Doncella m'encontrarás»

E da fenestra,  
Que aberta está,  
Deitoume doces  
Bicos coa man.

De volta de longas terras  
Pasei pol-o seu casal,  
Busqueina d'amores cego:  
¡Non-a puden atopar!

E n'a fenestra,  
Que pecha está,  
Panos de neno  
Vin blanquexar.....

Os que pol-o mundo vades  
N'un xuramento á fiar,  
Os que pol-o mundo vades  
Non debérades tornar.

¡Non quere o río  
Correr pra tras  
Temendo esquezan  
O ben que fai!

† M. CURROS ENRIQUEZ.

A SOCIEDADE LÍRICA DA HABANA  
“AIRES DA MIÑA TERRA”

Gárdevos Dios, rapaces, que n'América  
as soidades sentís d'os patrios éldos,  
onde vosas obrigas, traballadas,  
folgan na paz do sono derradeiro.  
Por carta que c'os ollos arrasados  
nanrón te recibín, d'argullo cheo,  
soupen que me nombrástedes en xunta  
Presidente d'onor do voso gremio.  
Máis me decides n'ela, pos decídesme  
que ese gremio ô fundar, nome non tendo,  
puxéstedelle o nome d'o meu libro,  
según me dí na porta o Reglamento.  
Tanta mercede, galardón tan grande,  
parvo me deixan, como hay Dios no ceo;  
y-é para míñ tan apurado o caso  
que non sei de que sorte agradecelo.  
Pra dirixir un centro filarmónico,  
de sociedá coral c'ô aditamento,  
hay que tocar... y-eu non vos toco nada;  
hay que cantar... y-eu non vos canto: oubéo.

Cando eu era rapaz, fago memoria  
que saindo á ruar pol-os fiadeiros  
tropecéy unha noite c'unha Musa,  
gran contadora de feitos vellos.  
D'o seu doce falar enfeitizado,  
namoréina; acetou; pedínlle celos  
e por toda resposta déume un fillo,  
outra proba d'amor non tendo á xeito.

O mozo é guapechón e ben criado  
e gábanos de ser un bon gaiteiro;  
máis, d'o que deixe de tocar ou toque,  
pos nada ll'ensiney, laúdes non quero.  
O grave son d'os pinos—eses monxes  
sempre rosmando pol-o baixo o *credo*;—  
o romor do torrente escachizado  
contra a salvaxe costa; os brandos ecos  
d'as campás d'o lugar que saudan ledas  
o alborexar d'o sol; o tringuleo  
d'o cascabel dourado que ô pescozo  
alegre leva o coutador tenreiro;  
a nota feridora con que os aires  
fende ô fuxir o rápido estornelo;  
o marmullo d'os bicos que n'as follas—  
Don Xan das probes frores—deixa o céfiro...  
ahí tendes d'o *Gaitero de Penalta*  
os inorados únicos maestros.  
Nada me debe a míñ; que aquél seu arte  
de frolear ende lle dando ôs dedos,

tanto o empregou na perdición d'as almas  
que coido que o aprendéu d'o mesmo demo.

Nin sey tocar nin sey cantar. Un día,  
certo fogo sintido de min dentro,  
d'apagalo tratey cantando, por que  
dis qu'o canto minora o sentimento.  
Era o patrón do pobo; ô pe d'a hermida  
puxábanse d'un bácoro os lomedros;  
estouraban nos aires os foguetes;  
todo merendas era o campo ermo.  
D'aquí pr'alá, rañando na zanfona  
ván as frangúllas pidichando os cegos;  
ferve o resolio n'os vidrados frascos;  
d'o pulpo abafa o penetrante cheiro.

Farto de pedricar na Retoría  
bota a sesta eo'a dona o señor crego,  
y-os friguescs á brincos pol-as chouzas  
perdidos en montíos, us d'outros lexos,  
picados pol-as moscas d'os amores,  
d'o viño e d'a raxeira—tres coitelos,—  
trátano d'imitar dándolle ôs corpos.....  
o que piden os corpos ben comestos.

E, mentres, a xusticia chama á porta  
d'o labrador; nor-o topando dentro,  
pegá n'o pote, n'a arca e más n'o carro  
e lévao todo e véndeo todo á eito!  
E, mentres, o gráu móllase n'o órreo,  
n'un curruncho o legón púdrese quedo,

roe o verme as patacas y-as toupeiras  
Non deixan herba viva n'o lameiro!  
O servizio d'o rey chama ôs mocíños,  
e como onde o non hay... *nulla est redemptio*  
alá se van pra non volver ¡coitados!  
tras sí deixando desconsolo eterno!....

Rompendo entón por antr'aquel xentío  
persentéime indinado n'o turreiro.  
Estaban n'a regueifa: en duas bandas  
ô son de malencónicos pandeiros  
cantaban ús vidas de santos y-outros  
desenganos d'amor en malos versos.....

Pedín liscencia, figuen a mancospia,  
arrecadey o pau, tosín primeiro  
e logo comencey..., Miña alma toda  
ardía en xenerosos pensamentos:  
dábame noxo aquel entroido, aquela  
festa de lacazás e de larpeiros,  
xolda de cruce, onde a virtude-vacea  
vai buscar cría baixo o boy-deseo;  
e d'o tempo acordándome en que vivo,  
vendo como s'acaba o noso xenio,  
como desaparece a nosa raza  
baixo unha codia de ferruxé e esterco,  
cantey.... y-a estrofa d'o meu canto, acesa,  
cal saída d'as forxas d'un ferreiro,  
prendéu n'as carnes, abrasou as almas,  
ganóume aldraxes, puxo en todos medo,

Pronto caley..... Cantara á libertade,  
ô traballo, ô deder.... ¡Non m'entenderon  
e a pedradas botáronme d'o adro,  
e dende entón d'a patria ando estranxeiro!

S'eu soupera cantar, decíme agora:  
s'eu soupera cantar ¿pasáram'esto?

Inorante d'a cencia de Talia  
e inda más inorante d'a d'Orfeo,  
nin pudo presidirvos, nin é xusto  
que me fagás honor que non merezo.  
Non por eso pensedes qu'o agasallo  
d'o voso voto unánime desprecio;  
que non abrir a porta cando chaman  
e d'homes ruis, non de fidalgos peitos.

Vos chamádesme á min. Pois ben, amantes,  
todo o qu'eu son, todo o que vallo e teño  
aquí vos ven: disponde. Eu folgaría  
servirvos no que fora de proveito,

Fundades unha sociedá de canto  
lonxe d'a terra que vos dous alento.  
Galicia é un pobo lírico: cumprides  
obrando así c'un natural preceito.

Dende o verde xestal d'os montes gala,  
ô fiuncho que medra nos regueiros;  
dende a follosa copa do carballo,  
ô río que dormenta n'o seu leito;  
dende as frores que á noite abren o cális,  
como un amigo á outro seus secretos;

d'ende a volvoretiña ós rousinoles  
e dendas d'a muller, hastr'ô luceiro,  
todo ali chia, soa, zumba, canta;  
todo ten voz e musical acento:  
en cada galla pousase unha Patti,  
en cada tóco escóitase un Mendelsohn.  
Quen dixo que Galicia non ten arte  
pouco conoce noso chan paterno.  
¡Ten arte, ten! O que non ten é artistas  
porque os escape para chaos alleos.  
Testigos vós, que pra cantar nascidos,  
faguedes un Elisio do desterro,  
honrando á quen vos fire, como o sándalo  
perfuma a sachá que o volvén pitelos.  
E testigo tamén.... ¡Hei de contal-o,  
hei de decil-o e pregoal-o a berros,  
pra que escarmente esa cruel madrasca  
qu'ispe seus fillos pra vestir seus xenros!....

C'o fol ás costas d'os meus fondos dores,  
dores sin causa, más tamén sin término,  
vindo do meu traballo, n'unha rúa  
vinme da Corte unha mañán muy cedo.  
De súpeto paréime: un regalado  
són de celeste música, un concerto  
de meigas notas, voando pol-os aires  
chegou á mí, deixándome suspenso.

S'algúha vez soñastedes c'o as cántigas  
qu'arrincan d'os cbúrneos estormentos

os querubíns, a entrada festexando  
d'as almas virges nos groriosos reinos;  
s'a sede, a fama, o desamparo, o frio,  
algún vez pensastes que puderón  
n'unha corda caber, que estremecida,  
ha de estrozar o corazón n'o peito,  
teredes unha idea, anque pequena,  
d'o matinal subrime parrandeo,  
que con curiosidade femenina  
viña á escoitar a lúa esmorecendo.

Pe ante pe, pouquiño á pouco, fumme  
segundo o rastro d'o cantor..... ¡Que vexo!  
Baixo o aro encollido d'un alcázare'  
a viola xentil tocaba un neno.

Tiña o puchón n'o chau pra que botase  
a esmola quen quixer, de punta os pelos;  
arrepiado o corpo co'a xiada,  
batía os dentes que era pena velo.

Cheguéim'él.—¿Qué anos tés, miña xoya?  
díxenlle.—Once, señor.—¿Dónde és?—Gallego,  
repúxome.—¡Estás tolo! ¿De qué banda?  
—Da Cruña.—¿Tés quen che dé man?—Non teño!

Contóume que seu pay fora soldado,  
que ten dous hirmanciños sempre enfermos,  
que está sua nay parida e que pra todos  
á forza de tocar gana o sustento.....  
—Toca, miniño, toca!—dixen indome;  
como eu poida tamén, douche por certo

Que ll'ey tocal-o lombo á esa madrasca  
qu'ispe seus fillos pra vestir seus xenros!

Eso vos digo á vós. ¡Cantay, tocade!  
que jeida puxa! tras tempos veñen tempos;  
y-eu confío en que o neno do meu conto,  
que oxe admira o povo madrileño,  
e todos vós, si o arte perseguídes,  
conquerirés d'os inmortás o templo.

Sí, tocade, cantay! Que o novo mundo  
americano escoite o mundo céltico  
n'esa alborada por Dios mesmo feita  
cando ceibóu os soles pol-os ceos;  
himno-titán que dende entón os astros  
repiten ô xirar sobre os seus eixos,  
e que ha de un día, redimido e libre,  
ser o *Te Deum* trunfal d'o humano xénero.

† MANUEL CURROS ENRIQUEZ.

## ADICATORIA

---

Este tomño de ¡TERRA A NOSA! non quere ser outra cousa que unha ofrenda ô insigne poeta das rebeldías..... Unha ofrenda que faga pousar o ánimo dos bos galegos na lembranza do autor do «Nouturnio», pra trocárense as almas en destelos do espírito de Curros, e seren eco da voz da patria asoballada.....

---



Baixo do ceo á cuyo amparo repousas, volven hoje a levantarse as alabanzas, en que o pobo, para quen á tua voz de inspirado tuvo sempre unha santa e eterna defensa, renova a expresión de amor que ten consagrado ao seu poeta predilecto.

A ese coro entusiasta quero que vaya unida á miña voz e o meu recordo entrañable, para que seipas qne no meu corazón vive e vivirá para sempre a memoria de quen foi para min un queridísimo irmán. Ben pronto, irmán infortunado, a quen feriron todas as doores que acosan ao home na terra, podrá verte e renovar os nosos interrumpidos coloquios, pois chámanme e réndeme os anos que me acercan a tí e a cantos me esperan.

MANUEL MURGUÍA.

---

## O Rexionalismo económico endebiñado por Curros

Sê cadra, bainos collendo—así coma aquél que non fai nada—a ideia de que o tempo, esbarando por enriba dos versos de Curros, deixóunos anticuados..... E cando bolbemos collere o seu libro, atopámonos cun sentido da realidá e cun espírito profético que nos deixa parbos.

Ábro Aires da miña terra, por onde cadre, e cadróu por O «Cipriánillo». O poeta fala con Xan de Deza, onte traballadore e rico, despoixas probe por térese dado a buscarse os tesouros que lle prometera O «Cipriánillo».

E o poeta promételle romedio eficaz pra as tristuras, pra as dores q'afogan o probiño do labrego. ¿Cal é o rêmido? A leutura dos gallegos escritores e poetas.

«Cando consultes Murguía,  
Paz, Pondal, Añón e Lamas,  
E no bico  
As canciós de Rosalía,  
Teñas sempre, que tanto amas,  
¡Serás rico!»

E por si o dito parez un pouco eisaxerado—pois estes versos deberon de seren esquirtos polos anos de 1880—o poeta remacha ben o crabo dicindo, duas estrofas mais adiante:

«Si esos nomes soletreas,  
Recobrar podrás dum tombo  
Casas i ortas;  
E de pan tuas tullas cheas,  
Non irás cun fol o lombo  
Polas portas.»

Esta luminosa ideia do gran Curros podémola oxe expresare dicindo: A úneca maneira de sé facere rica unha rexión calqera,

é ispirare o seu traballo propio na sua cultura propia, non na allea.

Neste fertunado atisbo do gran Curros, nesta enxoita sentencia con qe espresámolo oxe, está toda a ebolución do rexionalismo gallego; qe mesmo nos versos dos nosos grandes poetas pasa de rexionalismo literario á rexionalismo económico. Norma de conduta pra nós todos.

AURELIO RIBALTA.

Madride, febreiro, 1919.

## Un autógrafo de Curros

Presidindo a miña mesa de traballo, nun cadro que volteava sobre d-unha peana, entre dous vidros, está o vello papel de cartas, medio rachado nas dobrices que tivo outrora, ó andar longos anos na carteira, sobr-o curazón, do nobre amigo—gran artista tamen—á quem foron dedicados os versos que o inmortalizan.

Cando me sento á traballar, teño que ollar, á forza, as curtas liñas que trazou a sagrada man do poeta, con pulso sereo, facendo as craras letras de vagar, cal si fose escoitando o que iba esquirbindo. Eu—non faltaba mais—sei os versos de memoria, e, non ben os miro, síntoos de cote cantar dentro de mí, todos á vez. Yé, sempre, coma si escostase de noite, n-unha noite morna do mes de Mayo, asomado á fenestra d-un pazo, na montaña, as vibraciós da terra, xa quente, que coma que desperta e se remexe toda, do val ó monte, en canto se adiviña debaixo do alto ceo negro faiscado de estrelas: cantar dos grilos nos centeos, das rás no río que corre ó lonxe, dos alacráns nos comareiros, dos sapos nas hortas..... ¡Yé, sempre, coma si tivese ainda vinte anos! Porque tal foi o espirto—mocedá, primaveira—que deixou latexante n-esta poesía, unha das que mais do fondo lle naceron, o Mestre nunca esquecido.

Leitor, ahí a tés (1). Qu-ela faga contigo o milagre, si xa vas pra vello, de te tornar á mocedá ya primaveira coma sempre llo-fai á iste teu amigo

ANTÓN REY SOTO

(1) Véxase na páxina 14

## CURROS ENRÍQUEZ

«Nouturnio»

Corrian tempos de invernía brava.....  
Era o ceo unha vouta de negrura,  
e na terra, cal n-unha sepultura.  
unha raza de ilotas descansaba.....  
Sobre do pobo, a lei que o escravizába;  
sobre das almas, servidume escura.....  
Os trabucos roubaban a fartura.....  
e a Pauliña as concencias encrayaba.....  
A campía deixara de dar frores,  
voaban pol-o espazo sóio os corvos  
e fungaba nas albres o trebón.  
Unha alma acesa en tráxicas delores,  
alzou os puños cara os ceos tórvos....  
Era o vate inmortal da maldición.....

ANTONIO VALCÁREL.

27-II-19.

## EN POUCAS PALABRAS

Curros Enríquez na nosa poesía representa fielmente o espírito do século XIX. O seu valor nas letras galegas é somellante ó de Núñez de Arce nas castelás e ó de Guerra Xunqueiro nas portuguesas. Como os dous derradeiros foi un notabre versificador. Nas poesías de Curros latexa un eco «armonizado» da vella política da Restauración e das lentes loitas civís anteriores á ela. O «oitocentismo», con tódal-as suasinxenuidades, vive de xeito cristaño nas populares páxinas do libro «Aires da miña terra». Curros, fiel ó ambiente do seu tempo, tén por riba de tódolos valores un «valor d'época», pois hastra chega á crér, esquecido dos

feitos biolóxicos, na posibilidade d'unha lingua universal..... inda que ista lingua sexa a galega.

A musa de Curros é irmá xemea da de Guerra Xunqueiro. Pódense acotar moitos temas «centrás» d'un grande parentesco espiritoal nos libros d'entrambos poetas.... Entrambos poetas serán sempre dos mais populares en Portugal e Galicia. E á maior refinamento, menor popularidade.

«Triadas, miñas triadas..... onde haxa virtú bicade, onde haxa vicio feride». Aquí tedes o xeito estético temperamental, sinxelo d'abondo, moi século XIX, do insine vate crente na democracia e no xenio político de Castelar. A lembranza de Curros por ter empregado o idioma materno coma instrumento d'expresión que non esmorecerá endexamais das almas galegas. Universalizouse o seu nome no idioma patrio. O que fixo en castelán—e foi moi-to—esqueceuno o mundo.....

A. VILLAR PONTE.

## IN MEMORIAM

«Nom ti non morrerás, céltica musa  
náda da Suevia nos chouzales pechos.»

Non, ti non morrerás, predixo o vate

Cantando a fala con sonoros versos,

E nin a fala morreu, nin o poeta,

Que alma e gloria son dos patrios eidos.

A fala non morreu, que mais que nunca.

Onse na terra seus varils acentos;

E do poeta todos a memoria

Gardamos con amor e con respeto.

E se hoxe se ón vibrantes notas

Que ás sonoras do vate sucederon,

Inda que non ca inspiración subrime

Que foi gala do xenial maestro,

E porque, con fervor de fé movidos,

De xionllos escoitan os seus ecos,

Os enxebres que pregan á seu númer

Que veña Iles prestár forza i-alentos.

Febreiro do 1919.

EUXENIO CARRÉ ALVARELLOS.

\* \* \*

Non é terra esquiva  
nin terra de lobos,  
a terra que garda  
en follas de ouro,  
os nomes dos fillos que outrora gabaron  
os eidos formosos.

Non é terra esquiva  
nin terra de lobos,  
a terra que xurde  
aos cantos saúdosos  
d'un meigo poeta que, cerna da patria,  
falou por nosoutros.

Non é terra esquiva  
nin terra de lobos,  
a terra onde alentan  
ao nome grorioso  
de quen, cóma Curros, por sere poeta  
foi alma d'un pobo.

Non é terra esquiva  
nin terra de lobos,  
a terra que lembra  
cal herde piadoso  
os versos de Curros e loita por vere  
cumpridos seus votos.

EUXENIO CARRÉ ALDAO.

Na Cruña, 1918.

---

## Na campa de Curros Enríquez

---

Deixádeo en paz dormir; non conturbedes  
seu misterioso sono;  
que acordado esteve docemente,  
no seu leito grorioso.

Non profanedes á sua campa fría  
con frívolos recordos;  
que non precisa pregos nin loubanzas  
quen, coma él, afagoso,  
cantou áos éidos sin bastardas miras,  
calmou dôres de moitos,  
dou exemplo de confraternidade  
c'un agarimo fondo.

Deixade en paz o sono do poeta;  
que a'os XÉNIOS, por sí soilo,  
a INMORTALIDADE conquerida  
váinos lembrar d'abondo.

F. TETTAMANCY.

Mes de Marzo 1919.

---

## I EXCELSIOR!....

---

Os cantos do vate  
que trouxo a boa nova  
recorren os eidos nativos  
como himnos de gloria,  
sementaron os graos das ideas,  
anunciaron fulxentes auroras,  
prenderon nas almas amor á xusticia,  
despertaron a fe nos patriotas,  
puixerón acentos de duras protestas  
en todal-as bocas,  
e fixeron un pobo de libres  
d'un pobo de ilotas.....

Namorado dos grandes ideáles,  
padricou por vilas e por corredoiras  
libertade e progreso e traballo...  
E volveu pol-a honra

dos malpocadiños coitados labregos  
que na terra fozan...  
E trás d'él correron, e hastr'o persiguiron,  
e hastra o escorrentaron c'unha furia tolal..  
E alá no desterro topouse co *a espíña*  
dos desleigamentos... E alma xenerosa!  
curou a ferida co escelso regalo  
d'unhas meigas trovas...

Apóstol da raza  
que servía entoncés d'escarnios e mosas,  
soupo redimila dos vellos aldraxes  
y-as vellas vergonzas,  
pra que cumpra os gloriosos destinos  
que lle están reservados na historia.

Toda esa puxante  
labor redentora;  
toda esa semente de rexurdimento  
que é pra nós como timbre de gloria,  
ben merece que alcontre en Galicia  
trunfales coroas;  
ben merece que os fillos da Terra  
que inda temos orfa,  
repitán de cote con santo antusiasmo:  
«Hosanna ó poeta que trouxo a boa nova!»

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

---

## Lembrando a Curros

---

Hai vibracions d'almas inmortás, sensibres,  
que de cote sóan no ambiente da terra:  
ondas armoñosas, trentecentes, libres,  
que rebeldes rodan pedricando guerra

— guerra a os opresores, guerra á tirania—  
e que tamén rodan pedricando amore  
pr'aos asoballados que sofren a fria,  
fatal coitelada do aceiro da dôre.

Poeta subrime das verbas ardentes  
que o son meiguiceiro deixaches acó  
d'aquele *nouturnio* baril, no que as xentes  
entenden a o sapo que canta: *cro, cro.*

Inda os *tangaraños* da patria son ménguas  
e crúas feridas que leva na entrana,  
e ainda esta fala é o *Cristo das lenguas*  
cravado no cume d'esquiva montaña.

Que refungue a tralla da tua xenreira,  
subrime poeta de verba divina,  
contra dos cativos que ergueron bandeira  
no estéril regazo d'unha bailarina.

Mugia.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

---

Pídenme un pensamento sobre Curros Enriquez é douno c'a  
rudeza que me carauteriza.

Xuzgo equivocado pedirme á míñ tal opinión, porque eu non  
son poeta, nunca fixen un verso, non me caben n-o meu cerebro  
e o que é peor, non me caberán.

A min naide me conoce n-o nazionalismo; verdade é que eu  
non me dín á conocer; dentro d'esta relixión de videntes, solo  
Porteiro un pouco había visto á miña y-alma; os demás solo vén  
un indignado pol-a inxusticia. Eu son un *unilateral* que non leu  
mais que tres novelas n-a sua vida. *O Quixote, Montecristo e*  
*A Mascota;* as miñas novelas foron a Geografía é a Historia na-  
tural, con algo de Historia.

N-a Geología, oin que Galicia é unha cousa distinta n-o ma-  
zizo peninsular, n-a Botánica fún lendo as sublimidades d-a rara  
flora galega e n-a Antropología saquei o meu rexonalismo ou  
nazionalismo (tanto asusta un nome como outro).

Prá míñ ó problema ibérico é coma o balkánico, e como tál os  
Irmandinos é a páxina mais groriosa de Galicia, o mesmo que ó

7 de Xunio de 1640 é a páxina mais grande de Cataluña; e digo isto porque eu rindo culto á vida.

Eu non son amigo d-o galego, falo-o en satisfacción ó 93 % d-os probes que ó falan nista terra; prá míñ o mérito díl é a enorme cantidade de voces céltas que tén. O problema pra míñ é Irlanda, Gales, Oeste de Escócia e Bretaña francesa.

E en Curros Enríquez véxo ó masculino, ó que carauteriza os homes de que tan ben andamos eiquí, o mesmo que vexo entre os bretós que salvaron Verdun, os *highlanders* soldados celtas de Escócia, os mellóres d-o mundo, os simfeiners, tan valentes, que tanto ensiñan os puños á Britania, ó Lord Duque de Wellington, á Lloid-George..... e miles mais..... E eso é o que penso de Curros, e nin pensarei mais, nin quero pensar mais.....

J. CULEBRAS.

Compostela, 12 Febreiro 1919.

---

Curros Enríquez foi un campeón do noso idioma e un poeta da rebeldía labrega, do agrarismo como agora podemos decir; él non cantou somente as dôres e miserias dos campos senon que deixounos varudas e guerreiras estrofas de revolta. Curros fixo ainda mais: nas suas poesías expresou o ambiente ideal do seu tempo (tal como d'aquela era) sendo asin o primeiro poeta universal galaico, todo isto envolvente nun estilo penetrante e delicado superior ao dos poetas castelans da sua época. En resumo Curros danos unha triple leición: «*Redimide aos homildes que moran nos campos pois redimilos é redimir á Galicia.*» «*Expresade na particularidade galega toda a cultura universal pois d'aquí surdirá a nosa redención.*» «*Todo pode expresarse na nosa sala dende o mais singel, até o mais difícil.*» Vede porqué Curros Enríquez é ainda hoje un mestre de galeguismo.

JOHAN VIQUEIRA.

---

Honremos á Curros Enríquez, que foi un dos poucos gallegos que honraron á sua Terra.

Apostol do rexurdimento da nosa fala, elevouna, con aloumínio de namorado e fé de convencido, á altura do seu ideal de poeta. Soupo afincar no noso curazón os seus nobres sentimentos de amor polos humildes; comunicounos anacos das suas arelas de redención para Galicia; acendéu no noso peito a rebeldía contra todos os que aldraxan á nosa Terra, e contra os tirans que a teñen asoballada. Fixo, por riba de todo, que a consciencia da persoalidade da raza espertase en nós variamente, derrumbando as falsías e prexuicios con que tencionaban afogala as xentes estranas e os ruís entangarañados da alma que ante o ofrecimento d'unha presa de cartos non duvidaban en lle daren norte ao seu povo.

Honremos á Curros Enríquez espallando por todolos currunchos de Galicia as suas poesías; facendo que nin un solo gallego deixe de conoelas, pra que nin un solo deixe d'erixirlle no seu curazón un santuario de amor e veneración. Que un povo que sabe amar e sabe honrar a memoria dos seus poetas, que siente co'eles, é un povo que vive; que tén un corazón latexante e un cerebro. E cando o ideal e mail-a vontade dos povos van unidos, non hay caciquismo que poida agriloalos.

LEANDRO CARRÉ

---

## A CURROS ENRIQUEZ

Non é esta a pirmeira. Mais veces xá rendinlle en público meu fervente tributo de acceso galeguismo, porque sua obra foi moitas veces xermolo dos meus entusiasmos e das miñas carraxes; porque sua obra enche de pasión como Rosalía enche d'emoción.

Non son crítico e meu xuicio ningún valor poide têr; mais pra mí penso e sinto que foi Pondal o noso bardo, o de verbas proféticas e acentos apostólicos; Rosalía, a nosa Santa das santas indinaciós desesperadas, a dos tristes e fondos sentimentos, a dos irremediables fatalismos, desconsoladoras resonancias d'unha desesperación estéril e impotente. Curros Enríquez foi o noso rebelde, o das triadas fungantes, o inadaptado e inadaptabel n-a-

quela Galicia, onte e oxe sempre escrava de catro caciques porcos, adiposos, inmorales e analfabetos.

Foi o noso Rebelde e os rebeldes son os conquistadores do porvir. Un pobo sin rebeldías é un pobo sin ideaes, porque todo idealismo é rebeldía: é aspirar á superación constante de todal-as correntes civilizadoras. Todol-os pobres mansos sucumbiron; como sucumben os tuberculosos; porque mansedume é inaición espiritual, como inaición material é falla de vida.

Nos campos de batalla da vella Europa quedou enterrado o direito de conquista. Acabáronse, pois, as conquistas territoriales, oxe un pobo que queira ser grande terá que adicarse ás conquistas espirituais, ás dos ourizantes inacabables e d'aspiraciós infinitas.

Según despareceu a escravidão desparecerá o direito da força que fixo da Europa culta un viveiro de bayonetas. E dos momentos guerreiros, e das estatuas ecuestres e bizarras que prausa lembranza ergueu unha humanidade escrava, a nova humanidade saberá faguer un museo de todol-os bandidos que quixeron convertir o mundo n'unha horrenda sociedade de latrocínios e matanzas.

Nosa vella Hespaña somente tén orgullo das suas conquistas indianas e africanas; é triste remozar seu apoucado espírito ó son de acesos couplets guerreiros. ¡Sexa o orgullo da Galicia a conquista das fecundas parcelas espirituais e dos gloriosos principios civilizadores!

Outras patrias teñen longa proxenie de monarcas, heroes e guerreiros; seus museos amostran espadas, armaduras e trofeos. ¡E ise é o tesouro intanxible e sacro da unidade da patria!

¡Sexan as bibliotecas, galegas, nosos museos; sexan cerebros os constructores da nosa Patria; e santas rebeldías as nosas armas!

Curros Enríquez foi un conquistador dos novos tempos. Suas rebeldías conqueriron nosos espíritus prás trasformacións redentoras e democráticas.

Por iso eu lle rindo, como todos debemos rendirlle, sentido tributo de acceso patriotismo. Porque él foi o noso Rebelde, conquistador de novos conquistadores.

L. PENA NOVO

## BENIA TÍ!

Nos máxicos sons da tua lira o acidume enxergueches que  
do sono a tua raza arrincou.

Teu berro foi de loita; e tras de tí un pobo inteiro, pra loitar  
disposto, camiña ja.

Benia tí, poetainxente, que a mornidade mesma do rescoldo  
soupeches trocar en lume·aceso de sagra e vivificante rebeldia!

MANOEL BANET FONTENLA.

## CURROS ENRÍQUEZ

Cantor do idioma patrio, cantor da terra nosa,  
que puxo nos seus versos a estrofa vigorosa  
que dos irmans escravos anuncia a redención.....  
Morreu lonxe da terra, na banda d'outros mares,  
c'o pensamento posto nos seus ridentes lares,  
saudoso o seu espíritu, dorido o corazón!

Morreu o que anunciable o sol da nova aurora,  
que trai para os que sufren a lume benfeitora  
na que a xusticia brila e trunfa a libertá;  
morreu o fillo ilustre da terra bendecida  
á que donou de cote sua inspiracón garrida  
que n'alma dos ilotas nacer fixo a irmanda.

Hachou nos *Tengaraños* meiciña aos nosos males,  
maldixo no *Nouturno* desigualdás sociales,  
cantou no seu *Gaitero* a nosa redención;  
abafamentos vellos maldixo a *Igrexa fria*,  
y-esnaquizou sua varpa na odiosa tiranía  
que combateu decote con todo o corazón.

El foi, el foi un xusto do ben enamorado  
foi un rebelde sempre, foi un poeta honrado,

que con valentes ansias amou solo a verdá;  
dos novos tempos Cristo, odiou os fariseos,  
e mais que os dores propios magoábanlle os alleos,  
e mais que a propia vida amou a libertá.

¡Calade! a intolerancia non finque o negro dente  
nas obras do poeta, na gloria resplandeciente,  
dicindo que era un home sin Dios nin relixión.....  
Mentira, sí, mentira: que aquela y alma pura  
ardeu en fogo patrio que viña dende a altura  
e que cantar mandoule con fonda inspiración.....

A veneranda sombra da tenra Rosalía  
que vaga nos espacios do ceo da poesía,  
y a musa patriótica do infotunado Añón,  
poden dicir si a y alma do vate desterrado  
estaba ou non acesa no lume sublimado  
d'amor polos que sofren con redentora unción.

Por eso foi seu numen a libertá quirida;  
seu evanxelio amante, a xente perseguida;  
o lar onde nacera, seu sacro santo altar.....  
¡Galicia foi a Virxen á quen rindeu loubores,  
iman dos agarimos, amor dos seus amores,  
o santo tabernáculo d'eterno relembrar!

Calade! Os que non seipan orar neste momento  
eu róglolos que amantes poñan seu pensamento  
nos mortos mais quiridos con fonda devoción.....  
¡Que pensen no poeta que mais aló dos mares  
morreu co'a y alma posta nos seus ridentes lares,  
saudoso o seu espíritu, dorido o corazón!

M. LUGRÍS FREIRE.

\* \* \*

Cayéu na mau dos anxes certo día  
«A Virxe do Cristal»,  
a lenda meiga, fror de poesía,  
d'uns amores fanal.  
Os seus cantos ô lér,—como ferido  
que xordo e sin sentido

de sono doente d'unha fréb'esperta,—  
o coro anxelical  
quedou co-a boca aberta.

Pasmados do lenguaxe feiticeiro  
d'aquel cantor meigallo qu'os namora,  
acordaron de cote no rueiro  
ir á falar do caso milagreiro  
xunto á Nosa Señora.

N-un soilo vó, hastra seus pés chegaron,  
bicáranlle o mantelo,  
poñendo as maus en crús as aas pecharon,  
e no idioma de amor, tenro e sinxelo,  
diante da Santa Virxe eisí rezaron:

—N-un curruncha da terra, aló, en Galicia  
hay un cantor dos bos;  
tan doce e o seu sentir, tanto acaricia  
o eco da sua vos  
que decil-o, Siñora, é de xusticia.....  
faino millor que nós!

Non achou nos seus eidos nin amores  
nin boa voluntá  
y-anque en estrana terra lle dén frores  
morre de soedá.....  
si queres ter un mestre de cantores  
traino pra xunto nós, traino pr'acá!

Y-a Nay de Dios surrindo agarimosa,  
mentras o ceo enteiro se arremuiña,  
dixo co-a vos con que falou á Rosa  
do val de Vilanova na Pedriña:  
—Falades d'un amigo: xa o conosco:  
terédelo con vosco  
que xa penséi no caso moitas horas  
y-a más de ser o voso, é o meu deseо.....

¡Y-o autor das triadas fungadoras,  
queiras ou non,—metérono no ceo!

## Curros Enríquez

Cando terá o noso Curros Enríquez, aquel gran poeta esquirtor, que co mesmo señorío outo e incontrastabre dominou a lingua gallega e castellana, o estudio acabado de qu' é crescente como unha das mais esceltas figuras do noso ceo literario. A vida d'aquel incorreixible enamorado da xusticia e do ideal, está por esquirbir: da sua inxente labor no libro, e sobre todo nas follas diárias, tan soílo pequenos anacos conocemos. E o pouco que d'unha e d'outra sabemos, fainos cubizar, con ansias vivas, conocer por completo as andanzas d'aquel espírito feito de amor e de lúus; os encontros qu'o corazón do poeta tivo c'a triste realidá; as loitas, rebeldías e desenganos qu'encheron a sua existencia, hasta que caeu, rendido por titánico esforzo, nas eternas sombras do sepulcro.

Aquela musa qu'alentou en Curros, viveu sempre n'a rexión das águias, bañándose n'a lús dos subrimes ideais amados, hast'a idolatria, po-lo poeta. Dous foron os grandes amores qu'encenderon a inspiración de Curros: a liberta e a terra gallega. Eles arrincaron patéticos acentos, tremendos apóstrofes, máxicas armonías á sua lira. Nos versos adicados á terra, palpita enteira nosa rexión c'os seus doces aromas, c'a sua lus branda e soave, c'os encantos do seu chan feiticeiro: n'eles;

dend'as flores que a noite abren o cális,  
como un amigo a outro seus secretos;  
dende a volveretina ós rousinolés  
é déndes d'a muller hast'o luceiro,  
todo ali chía, soa, zumba, canta;  
todo ten voz e musical acento....

\* \* \*

Pro a musa de Curros poucas veces canta doce e mimosa. Ferida po-lo espetaculo das inxusticias qu'atopa de cotio no seu camiño, erguese indinada e trona contra todos cantos asoballan-

corpos ou concencias. Móstrase entoncés d'unha impracabre hostilidá pr'os verdugos e opresores: n'eses momentos a pruma do poeta convítrese en tralla, en espada, en maza, que azouta, corta, esmiola, sin tréglolas nin piedá.

E sin dúbida Curros o mais *universal*, o mais *humano* de cantos poetas esquirbiron en gallego: é tamén o que mais se deixou infuir por inspiracíós estranas á poesía. Pro nunca s'esquenceu da sua terra, cando mais lonxe creérase d'ela: cando arrastrado pol-o *demo* da política, quás veces consigue desvialo do camiño reuto, parés que vay á caer na triste idea de facer algo que cheira á manifestó ou proclama eleitoral, o amor ó terruño faino volver en si e arredao da impura tentación.

Que nada protexe na vida, como un amor *celestial, verdadeiro*.

O que tivo Curros á Galicia, foi, como debe ser en todo peito nobre, fervente adoración. Por eso o nome do gran poeta, trunfante das tenebras da morte, vivirá no afecto e no recordo dos galegos, mentres alente a nosa terra, mentres non se bórre por compreto o espírito e o nome de Galicia,

SALVADOR CABEZA.

Febreiro, 1919.

## Curros, defensor da fala e da libertade

A Fala galega transante traguerá vencelluda a cultura abortix; a nosa cultura enxendará a libertade consciente; a libertade e a cultura donarános a nosa personalidade nazonal cumplida.

Fala, cultura e libertade galega, en galego e pr'os galegos.

Eis aquí, sin dúbida, o xurdio ideal de Curros Enriquez.

¿Quén como Curros defendéu a lingüa esgrevia? ¿Quén como il sufréu pola libertade dos Eidos, que tanto amóu? Ninguen.

Pois n'istas duas bandeiras, hoje clavadas no cume espiritual da mocedade galega, nova e anovada, de entendemento e curazón ceibes, istá representado o outo valore galeguizante de Curros Enriquez, istán choidas as duas forzas inmortaes que defenden rexamente, os únicos valores que fono co il, son hoje e viviran

mañá: Fala galega, síntesis da nosa vida e do noso traballo: Libertade galega, para que esa vida e ese traballo sean fecundos.

En vao as almas estreitas, os peitos de medio curazón, tratarán de ergueren os anticlericales balbordos, mentes as gavelas políticas teñen apreixado nas suas peutas de miñato o espírito, a facenda e o creto dos Eidos esclavos.

En vao pretenderán asociaren o nome de Curros ás luitas exclusivistas, mentes as hordas caciquis e oligarcas sestean no acougo tráxico das carballeiras sagrás.

O poeta das afuntas rebeldías non istará co iles. O Curros permanente, o de hoje, o do porvir, é o Curros que luita pola libertade da nosa Fala pra facere culta e ceibe a nosa Terra; é o apostole que fai do idioma un Evanxelio pra ofrecere no seu nome libertade e redenzón aos servos; que anuncia o día do trunfo da nosa lingüa por ciudades e vilas e que, si por anuncialo o apedrearan, quer morrere co illa nos bezos.

Os fillos eleitos d'ista terra sin cultura, sin pan nin libertade, encenderon como n'outrora os guerreiros fachos, e na cume dos fortes castros, a bandeira azul e branca ergueita, cas verbas dc Curros Enríquez, berranlle as almas ruís mergulladas na escudrade:

«Non, tí non morrerás, céltica musa»,

«Tí non podes morrer.... ¡so quixeran  
Os desleigados que te escarneceron!  
Mas tí non morrerás, Cristo das línguas,  
Non, tí non morrerás, jho Nazareno!»

Eu como tí, Poeta da li... rva, levo cinguido o fatelo da ignominia que os curazós ca... idores a raza, puxeron riba da lanzalia da nosa lingua... ava.

Encol do meu corazón... edore da miña alma, sinto o agarmo tépido dos armiños re...  
E óllome home libre.

VITORIANO TAIBO.

Condado d'Ortigueira.

CIRUJÍA, ÓPTICA

ORTOPEDIA

FARMACIA

DEL

**Doctor Pardo Reguera**

ARTÍCULOS PARA LA FOTOGRAFÍA

Depósito de la Marca SOL

DE LA  
UNIÓN ALCOHOLERA ESPAÑOLA

REAL. 92

TELÉFONO 186

LA CORUÑA

EDITORIAL  
PRENSA GALLEGA S. A.

Talleres de Imprenta  
DE  
**EL NOROESTE**

DIARIO de LA CORUÑA

REAL, 26 00000 TELÉFONO III

LA CORUÑA

REAL ACADEMIA  
GALEGA

F 15803